

PALABRAS CONTRA O TEMPO

Nos últimos meses temos asistido á publicación de tres excepcionais antoloxías poéticas. Estamos a falar de *En voz baixa*¹ que recolle os versos de Xulio Valcárcel antologados por Luciano Rodríguez; *Antoloxía poética*² de Gonzalo López Abente preparada por Miro Villar; e *Páxinas da rexubeira de Bergantiños*³, escolma da poesía de Asunción Antelo Suárez elaborada por Xosé Manuel Varela Varela. Tres propostas que nos achegan a épocas e circunstancias diferentes e nos (re)descubren un autor actual, un escritor muxián de preguerra e unha poetisa popular.

"En voz baixa" achégasenos unha escolma da obra de Xulio Valcárcel, un dos poetas máis premiados dos últimos anos co beneplácito da crítica e o recoñecemento dos lectores. A antoloxía permítenos non só disfrutar de poemas xa coñecidos senón acceder a outros que, por mor de estaren esgotados os primeiros libros do autor, son difíciles de atopar. E chega suavemente, sen estridencias, para pulsar a parte sensible do lector case sen que este o queira.

A antoloxía percorre o camiño desde a dureza e o incorformismo de *Víspera do día* -eses "poemas do home pró home"- ata a meta dun tempo vivido en harmonía co medio: *Memoria de agosto*, "primeiro fruto de madurez plena" en consideración do antólogo. Pero antes da arribada deterémonos en varias estacións: as orixes -*Alba de auga sonámbula*- cun forte ton alexiaco e a presenza constante da sombra; a soidade -*Solaina da ausencia*- onde o poeta, segundo Luciano Rodríguez, "consegue tensar a expresión nun equilibrio de forzas que van dun extremo ao outro: da luz á sombra, da perda á recuperación, do día á noite, da esperanza ao desgarrro, do pasado ao presente" nun clima de transparencia, fragilidade; e a infancia -*O sol entre os dedos*- vivida desde a perspectiva da propia paternidade.

Versos, pois, que recrean as vivencias humanas máis universais e convocan á harmonía plena onde achegarnos "en voz baixa" a esas palabras que

resisten

conmovidadas,

pequenas chamadas

alimentadas de amor

contra o tempo.

¹ Colección Esquíu de Poesía, Ferrol, 1995

² Espiral Maior, A Coruña, 1995

³ Edición da Asociación Cultural Monte Branco, O Couto-Ponteceso, 1995

Gonzalo López Abente (Muxía, 1878-1976) é un dos nosos poetas máis inxustamente descoñecidos. Activo participante nos movementos políticos e culturais nacionalistas do primeiro tercio do século XX, representante da Costa da Morte perante as Irmandades da Fala, membro do Seminario de Estudos Galegos e da Real Academia Galega, López Abente sufríu, como tantos outros, un obrigado mutismo durante o franquismo. Pero, ata a súa morte, mantivo vivo o ideario galeguista e loitou para legarnos esa parte de nós que nos identifica como Terra.

Sete son os poemarios froito deste labor. De eles fai Miro Villar unha escolma representativa, recollendo tamén varios textos dispersos en revistas e un manuscrito inédito. Isto permítenos ver a evolución dun autor que comeza tendo influencias pondalianas en *Escumas da ribeira*, mesturadas con certos rasgos renacentistas e modernistas, para ir asumindo ecos de Cabanillas en *Alento da raza*, obra onde nos lega a mensaxe de que o individuo pode ser vencido pero a Raza non xa que esta obtén a forza do seu contacto coa Terra.

Para o antólogo é en *Do outono "onde máis se evidencia o feitío clásico do poeta, o seu dominio da medida e do verso e o seu traballo de depuración e labra das palabras"*. A súa última obra de preguerra, *Nemancos*, e *Centileos nas ondas* -a única editada en vida na posguerra- teñen a paisaxe como tema fulcral. Postumamente aínda ven a luz *Decrúa*, que non aporta nada novo, e *Monza de flores bravas para nosa Señora da Barca*, recompilación de varios poemas inéditos publicada pola Real Academia Galega no ano en que a institución lle dedica o Día das Letras Galegas a un autor que afirmaba

Coido que a poesía é un don diviño caído nista triste terra
para consolo das doores, e alimento das almas: o maná bíblico do
pobo elexido de Israel.

Como acto de homenaxe a Asunción Antelo Suárez, poetisa popular de Bergantiños, chega a nós unha escolma realizada por Xosé Manuel Varela Varela entre o corpus manuscrito da autora e organizada en varias partes temáticas. A terra e as súas xentes aparecen sempre nos versos desta muller que tan pronto asume o ton desgarrado do emigrante como o festivo das coplas amorosas, ou denuncia a perda dos ideais representados por Castelao e Bóveda.

"Bergantiños" é un canto vitalista á terra natal onde as feiras, os traballos do campo, as festas, van ligando un discurso de amor sen límite por Bergantiños, que é o motivo da escrita: "*Pasei horas sin dormir,/ e con forza de vontade/ de engrandecer Bergantiños.*" Tráenos "Amoríos" o ton das coplas populares cheas de desexos ocultos ou frustrados, consellos ás mozas na escolla da parella e versos ós lugares tradicionais de encontro amoroso. Pero en "Galeguistas" a voz tórnase instrumento

crítico que exclama "*Os galeguistas de antes/ loitaron por un querer,/ os galeguistas de hoxe/ sólo loitan por comer*" e reclama o respecto ós mortos, non só Castelao e Bóveda, senón tamén Rosalía e Pondal (ós que dedica as composicións de "Poetas"), Curros, Brañas, etc. Finalmente, fainos partícipes -"De min"- da súa propia realidade biográfica, do día a día dunha autora que, dedicada ós labores do agro, se ve obrigada a roubar tempo ó sono para deixar o seu legado poético:

Con traballos e desvelos

escribín este libriño,

para lle deixar de regalo

ós fillos de Bergantiños.

Así pois, tres antoloxías que merecen a nosa atención, que nos traen ecos do esquecido -López Abente-; das nosas mellores tradicións rosalianas, pondalianas, etc. -Asunción Antelo- e que nos obrigan a afirmar non só que a poesía aínda segue sendo ese milagre -Xulio Valcárcel- senón que a única defensa contra o tempo, pasado ou presente, son as palabras.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 682, 13-7-1995, p.25